

# Adelina Gama Casalderrey

Cando foi do golpe de Estado, levárona ás présas a Vigo e embarcou co posto nun mercante inglés rumbo a Bos Aires, onde tiña uns parentes. Deixaba atrás dous prósperos negocios de ultramarinos en Pontevedra. A tenda matriz estaba no Castelo e a outra en San José, preto da parada dos coches de punto. Puxéralle La Capilla pero todo o mundo a coñecía como ‘a tenda dos pobres’, porque alí fiaban ata *unha perra chica de pementón*.

Cando chegou a Arxentina trastornou e tiveron que ingresala dous anos nun sanatorio mental. Non só deixara atrás o seu modo de vida; tamén o home, Antonio Lorenzo Codesido, e tres fillos: Foro, Teresa e Antonio. Non volveu viaxar a España ata os anos setenta e pasou unha década sola ata que o seu fillo menor se reuniu con ela, alá, en Bos Aires. O seu home tardou un pouco máis. Viaxou no buque “Yapeyú” dezanove anos despois do golpe, en 1955. Nunca volveu pisar chan español. A última en marchar a Arxentina foi Teresa co seu pequeno, Antonio.

Cando Adelina embarcou ás présas no buque inglés, o maior dos seus fillos apenas tiña 15 anos pero xa empezaba unha prometedora carreira no fútbol que o levaría a clubs como o Pontevedra, o Celta ou o Valencia. A súa nai non puido gozar do seu éxito. Tardou catro décadas en volvelo ver, e de pasada, nunha visita fugaz que fixo a Pontevedra xa en democracia. Houbo unha segunda nos



oitenta e nada máis. A primeira vez que o seu fillo maior pisou terra arxentina o seu irmán Antonio era o único membro da familia que lle quedaba.

A súa nai deixara atrás a vida enteira e marchara co posto fuxindo da morte e do cárcere que perseguían a súa familia, pero acabou tamén privada de liberdade naquel sanatorio. Durante o tempo que estivo ingresada, o fascismo reinante en España fusilou o seu irmán Tino, detivo a súa irmá Custodia e perseguíu con saña os seus irmáns Manuel e Alejandro Gama Casalderrey, que acabarían nos cárceres franquistas. Ademais foron sometidos a duras multas económicas e as súas propiedades, incluídos os dous ultramarinos, fóronlle incautadas.

Cando foi do golpe, os Gama non só destacaban nos negocios, tamén na política e no tecido asociativo pontevedrés. Manuel era presidente da Cámara Agraria de Lerez, que tamén sería incautada, e tenente alcalde no Concello. Saíra elixido concelleiro da candidatura obreiro-agraria, controlada polo Partido Comunista en 1933. Segundo explica o historiador Xosé Álvarez Castro no seu blog “Pontevedra nos anos do medo”, estivera desde moi novo ligado á sociedade de agricultores de Lerez, pioneira en Galiza, e tamén fora un dos fundadores da entidade recreativa e cultural Juventud Lerezana, ademais da *alma mater* da Caja Rural de Lerez, entidade depositaria dos aforros dos agricultores da bisbarra. Oito días despois do golpe é detido e non recobra a liberdade ata o 18 de xaneiro de 1938. Dous meses despois, e tras múltiples denuncias mesmo de compañeiros seus, volven detelo e o 13 de xullo é condenado a morte en Consello de Guerra, mais a pena seralle conmutada por reclusión perpetua, primeiro, e por doce anos de prisión maior, máis tarde. Percorre varios cárceres, incluído San Simón, ata que en 1943, gravemente enfermo, pasa a prisión atenuada.

“Manuel colleu a tise no Lazareto e como daquela de tise morría un, soltárono. Tiña moita amizade coas Mendoza, foi a un sanatorio da Estrada e curou. Casou cunha señora do Grove, xa sendo maior, pero non tivo descendencia.<sup>1</sup>”

Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama

Tras producirse o golpe, Faustino e Alejandro agóchanse para evitar a súa detención. Alejandro pasa anos fuxido. Primeiro nos montes de Lerez xunto a outros compañeiros, sobrevivindo coa inxestión de raíces de herbas e a solidariedade da veciñanza daquela parroquia tan beneficiada pola actividade dos Gama. Logo xa na casa familiar. A súa irmá Custodia contou nunha entrevista á historiadora Aurora Marco que estaba agochado con outro familiar, que segundo a contorna podería ser o irmán da súa cuñada Elvira Calvo, a muller de José, o único dos seis

---

<sup>1</sup> Custodia Gama, irmá de Manuel, conta nunha entrevista que lle fixo a historiadora Aurora Marco, e que está recollida no libro *A Galiza de Bóveda*, que Manuel morreu aos 57 anos.



Gama Casalderrey que non sufriu de forma directa a represión. Segundo Custodia estivo case dez anos naquela casa. Era ela a encargada de levarlle de comer:

“Alejandro estivo moito tempo agochado no faiado dunha casa da familia que co tempo tamén foi incautada. A finca daba da estrada de Pasarón ata a Avenida de Compostela. Había un oco no faiado e desde aí saía respirar á finca. El e outro. Estivo anos aí. Leváballe Custodia de comer. Entre o agocho e a prisión pasou a metade da vida sen liberdade”.

*Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama*

Alejandro entrégase en 1945 e é condenado a vinte anos de prisión, conmutados a tres para terminar en indulto. Pero Alejandro era quizais o irmán Gama de perfil político máis marcado e sempre mantivo a súa loita contra o franquismo. Por iso, en 1946 acepta o encargo do Partido Comunista de reorganizar a estrutura na Coruña, xunto a outros pontevedreses como Emilio Villar ou Rogelio González, e por esta actividade é detido xunto a varios compañeiros do PC en xaneiro de 1947. Tiñan previsto lanzar panfletos contra o réxime durante un partido internacional que o Deportivo da Coruña ía disputar en Riazor e prodúcese unha caída en cadea.

Na comisaría, Alejandro sofre torturas e na madrugada do 24 de xaneiro tírase polo oco da escaleira. O parte da Casa de Socorro, recollido en “Pontevedra nos anos do medo”, recolle fortes contusións e derrames nos glúteos, coxas e pernas, así como conmoción cerebral:

“Mentres estivo preso mallaron moito nel. Contaba miña nai que con un alicates *al rojo vivo* quitábanlle as uñas das mans. E el mesmo contou que no tempo que estivo fuxido polo monte comía raíces... Malia todo, nunca lle gustou que ninguén blasfemara. Rifábanos se o faciamos”.

*Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama*

Pola súa actividade clandestina na Coruña, o fiscal pide para Alejandro Gama pena de morte, sendo condenado a trinta anos de reclusión. A súa irmá Custodia contou na entrevista a Aurora que a familia fixo trámites nos consulados de Arxentina e Uruguai para evitar a pena máxima. Finalmente, Alejandro cumpriu máis de trece na prisión central de Burgos, da que saíu grazas á mediación diante do Vaticano do seu sobriño, o futbolista Foro:

“Alejandro botou moitos anos no penal de Burgos e saíu cando Xoan XXIII lle dixo a Franco que liberara os presos políticos. Nun artigo do ABC, Franco dicía que en España non había presos políticos e o noso pai colleu o recorte e levoullo a Don Teodoro, que din que era pistoleiro con Lís, o xefe dos cívicos (...) Meu pai presentoulle o recorte e ao párroco debeulle remorder a conciencia que mandou un escrito ao episcopado de Madrid, mandáronlle o recorte ao papa Xoán XXIII e escribiulle unha carta a Franco dicindo: “Di vostede que non hai presos políticos e chega aos meus oídos que Antonio Gama Casalderrey está preso en Burgos por



motivos políticos...” Foi así como o puxeron na rúa. Debeu de ser dos últimos presos políticos de España.”

*Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama*

Os fillos de Foro lembran que no tempo de prisión facíalles xoguetes:

“Facíanos xoguetes no cárcere coas táboas das caixas de puros. Unha vez fíxome un quebracabezas do mapa de España e outra un xogo de madeira con raquetas e unha pelota de goma”.

*Foro Lorenzo, neto de Adelina Gama*

Cando queda libre, Alejandro marcha un tempo ao estranxeiro e ao volver monta con Custodia un posto de ultramarinos na praza de Pontevedra. Antes, ela puxera outro na rúa Puente. Nunca deixa de estar vixiado:

“Aínda despois, cando Franco ía pescar a Pontevedra, metían a Alejandro no cárcere e tíñano alí vinte e catro ou corenta e oito horas ata que Franco marchaba”.

*Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama*

Aínda que morre xa en democracia, non deixan entrar os restos de Alejandro pola porta dianteira do cemiterio. Sotérrano xunto a outros represaliados, como Luís Poza, e por decisión propia a súa tumba non ten placa algunha:

“Custodia leváballe unha rosa vermella ao cemiterio e así sabiamos onde estaba enterrado porque el non quixo lápida nin nada”.

*Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama*

Os Gama foron un obxectivo prioritario para os fascistas desde o primeiro momento do golpe, que non dubidaron en extorsionar as mulleres da familia para intentar dar co paradiro dos fuxidos. Con Adelina rumbo ao exilio foi a outra irmá, Custodia, a que sufriu a presión falanxista. Foi detida e conducida ao cuartel dos cívicos onde a raparon e mallaron nela para intentar, sen éxito, descubrir o paradiro de Tino e Alejandro. Retivérona durante corenta días, entre o cuartel e o cárcere da actual Audiencia, e foi obrigada a varrer as rúas de Pontevedra desde o Concello ata a Peregrina, desde a Peregrina ata o Concello ata que se fartaban, cun cartel nas costas e outro no peito no que rezaba: “Comunista”.

Despois detiveron a moza de Tino. Chamábase Estrella Portela e era veciña de Salcedo. Levárona ao cuartel dos cívicos, rapárona e tatuáronlle na fronte as siglas UHP. Non conseguiron que desvelase o paradiro del que, tras varios meses fuxido no monte, comendo raíces e durmindo algunha noite no nicho da



súa nai defunta, fora agochado polo avó de Estrella, Francisco López, no pazo do Conde de Bugallal, do que coidaba na súa ausencia. Aínda así, cando Estrella saíu do cuartel e el viuna rapada e coa fronte tatuada decidiu entregarse para evitarlle máis danos. Foi onde o médico Ballina e onde o cura Leandro del Río para que intercederan pola súa vida, pero foi fusilado o 28 de decembro de 1936. Era o máis pequeno dos irmáns:

“A avoa Custodia dicía que o delatara un familiar de Ballina<sup>2</sup> e ela non o podía ver diante. Dicía que era un traidor (...) Tino estivo na Caeira, en Castrove... Cando baixou do monte chegábanlle as barbas ata a barriga. E logo entregouse a Don Leandro. Ballina sabíao porque primeiro fora onde el e el díxolle ‘vai onde Leandro’ e cando Tino foi, colleu un familiar do médico, un irmán creo, e denunciou que estaba onde o cura. Custodia ao home ese non puido velo na vida. Chamábanlle O Rapeiro, era o alcume que tiña”.

*Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama*

Faustino tamén militaba no Partido Comunista e tanto el como Alejandro eran directivos en Pontevedra da Federación Cultural Obrera de España e nos días posteriores ao golpe participaron nas milicias antifascistas baixo as ordes de Jacobo Sbarzsky.

O fascismo nunca conseguiu dobregar as ideas dos Gama:

“En democracia, Custodia seguía sendo moi de esquerdas. Hai que imaxinar o que sufriu eses corenta días retida... o que lle fixeron no Campo da Feira”.

*Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama*

Adelina viaxou dúas veces a España pero morreu en Arxentina e alí está soterrada. Nunca falou daqueles tempos.

“Ela chegou alá e trastornouse. Como non se ía trastornar? Imaxina con dúas tendas coma mundos e chega alí co posto... iso trastorna a calquera. E non é só o que che roubaron, tamén a represión que tivo a familia, que os abrasaron: dous presos, un fusilado, ela no exilio e Custodia tamén presa, rapada, varrendo as rúas... Logo Custodia púxose a traballar e refixo a súa vida pero iso quédache gravado para sempre. Ela si falaba do que pasara. Ela non esqueceu na vida”.

*Foro e Gonzalo Lorenzo, netos de Adelina Gama*

---

<sup>2</sup> Na entrevista que Custodia Gama lle deu a Aurora Marco, recollida na publicación *A Galiza de Bóveda*, di que foi o sobriño do médico, de nome Manolo.